



OBRADOIROS MONOGRÁFICOS DE VERÁN 2021



COMMEDIA DELL'ARTE

Duración: 20 horas

Datas de celebración: do luns 12 ao venres 16 de xullo

Lugar: Escola Municipal de Teatro, Avenida de Castelao, 87 (interior). 36209 Vigo

Hora: de 17:00 a 21:00 horas

Perfil do alumnado: dirixido a maiores de 15 anos empadroados en Vigo

Mestres: Nando Llera

Teléfono de contacto: 986 485 324 de luns a xoves de 17:00 a 20:30

Preinscricións: enviar un correo electrónico a em.teatro@vigo.org coa seguinte información: Nome, apelidos, DNI, data nacemento, enderezo, número de móbil, correo electrónico e nome do curso solicitado

Prazos de preinscrición:

- Preinscricións: do luns 24 de maio ao luns 14 de xuño
- Publicación de admitidos: mércores 16 de xuño
- Formalización de matrícula: do luns 21 ao venres 25 de xuño

Nº de prazas ofertadas:

Admitiranse un total de 10 persoas. O número mínimo para a formación do grupo será de 4 prazas.

No caso de que a demanda excedese á oferta de prazas, faríase un sorteo público o martes 15 de xuño ás 18:00 horas, nas instalacións da Escola Municipal de Teatro de Vigo.

Prezo: 26,00 euros



OBRADOIRO COMMEDIA DELL'ARTE

Este obradoiro é unha iniciación á Commedia dell'Arte e á construción dos seus personaxes a través da composición física e das técnicas de improvisación propias do estilo.

Obxectivos xerais

- Introducir ao alumno nos fundamentos teóricos e na historia da *Commedia dell'Arte*.
- Iniciar ao alumnado nas técnicas básicas da posta en escena da *Commedia dell'Arte*.
- Estudar e analizar as máscaras físicas dos personaxes fundamentais.
- Coñecer as técnicas propias e desenvolver improvisacións.
- Integrar os contidos mediante a posta en escena de módulos e *Lazzi* tradicionais.

Contidos

- Definición, orixe e evolución da *Commedia dell'Arte*.
- O mapa corporal e as composicións físicas.
- Construción dos personaxes máis relevantes: *Arlequino*, *Colombina*, *Pantalone*, *Dottore*, *Capitano*, *Enamoratti*
- Manexo da máscara
- A improvisación e a posta en escena: a *Tirada*, o *Lazzi*, o *Canovaccio* e o *Zibaldone*.
- Técnicas básicas de acrobacia e loita escénica.
- A posta en escena: Espazo, tempo e espectáculo e o ritmo e a emoción na *Commedia dell'Arte*.

Metodoloxía didáctica

As sesións, de 4 horas de duración, dividiranse en dous bloques de dúas horas cada un aproximadamente.

No primeiro bloque realizarase un quecemento que se centrará nos exercicios máis axeitados ás técnicas para traballar na sesión. Seguidamente, practicaranse elementos básicos de acrobacia e/ou loita escénica para terminar abordando a composición física dos personaxes.

No segundo bloque practicaranse as *Tiradas* e *Lazzi* propias dos personaxes e finalizarase con exercicios de improvisación e escenas características do estilo. A primeira sesión comezará cunha breve exposición teórico-práctica sobre a *Commedia dell'Arte*, a súa definición e a técnica da composición física dos personaxes.

Todos os alumnos deben traer:

Roupa de traballo cómoda: mallas, chándal ou similares, zapatillas flexibles ou calcetíns antirrescorregadizos. Unha máscara posta e outra de reposto.

Currículo Fernando Ángel Llera Rodríguez (Nando LLera)

É Doutor en Ciencias da Educación pola Universidade de Santiago de Compostela, Máster en Artes Escénicas pola Universidade Rei Juan Carlos de Madrid, superou o C.A.P. pola Universidade de Málaga e é Titulado Superior en Arte Dramática pola Escola Superior de Arte Dramática de Málaga. Especializado en *Commedia dell'Arte*, formouse cos mestres máis destacados da escena actual en Italia, Francia e España.



É profesor do Departamento de Interpretación desde 2008 ata a actualidade na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Combina esta actividade coa impartición de diferentes workshop a nivel nacional e internacional. Na súa experiencia artística combina dirección e interpretación, destacando a fundación da Asociación Galega de Commedia dell'Arte "Gli Indignati", para a que dirixiu sete espectáculos cunha media de dez funciónes en Galicia cada un.